- Bases 1ª e 19ª das reguladoras do Plan +Provincia 2025 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan +Provincia 2025 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2025, así como os criterios obxectivos de repartición..
- Bases 10ª e 27ª das reguladoras do Plan +Provincia 2025 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 02/04/2025, e do xefe do servizo de Cooperación de data 05/09/2025 que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 11/09/2025 a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Redondela* (CIF:P3604500C), ao abeiro do Plan +Provincia 2025 liña 1_Investmentos, unha subvención por importe de 149.789,02 euros co obxecto do financiamento do investimento “REMATE DE AMPLIACIÓN DE PASO SUPERIOR E CONTENCIÓN DE TERRAS NO P.K.161+500 DA LIÑA 810 DE ADIF, OS VALOS, REDONDELA” (exp: 2025020721), cuxo orzamento ascende 149.789,02 euros, quedando a concesión configurada tal e como se reflicte na seguinte táboa:



Orzamento	Subvención Plan +Provincia 2025	Achegas doutras administracións públicas	Fondos propios do Concello
149.789,02€	149.789,02€	0,00€	0,00€

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2025/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo.
- Non obstante, a presente concesión de subvención queda condicionada a que o Concello achegue coa primeira xustificación do gasto realizado as autorizacións sectoriais da Axencia Estatal de Seguridade Aérea (AESA) e do Administrador de Infraestruturas Ferroviarias (ADIF), así como o decreto ou o acordo de aprobación do proxecto e acta de trazado previo (anexo III) debidamente cumprimentada.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan +Provincia 2025, aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 3.8316 de 27/12/2024 e publicadas no BOPPO núm. 1 de 02/01/2025 (disponibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Así mesmo, conforme a base 34ª reguladora do Plan +Provincia 2025, o investimento subvencionado deberá estar executado o 31/12/2026 e xustificado na súa totalidade o 31/03/2027. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Redondela*, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

5.35632.- CONCESIÓN DAS AXUDAS DE MOBILIDADE AO ALUMNADO PARTICIPANTE NO PROXECTO ERASMUS+ 2024 (7ª MOBILIDADE) (EXPTE.2023073909)

A Deputación de Pontevedra conta coa acreditación Erasmus+, válida no ámbito da educación e a Formación Profesional para o período 2021-2027, que a habilita para presentar solicitudes como entidade coordinadora de consorcio de mobilidades.

Neste sentido, e unha vez aberta a convocatoria de propostas 2024 (EAC/A07/2023) do Programa Erasmus+ (Diario Oficial da Unión Europea núm. C/2023/1262 do 28 de novembro de 2023) a Deputación de Pontevedra procedeu á tramitación da formación do consorcio de mobilidade. E, mediante Resolución Presidencial número RP2024001123 de data 7 de febreiro de 2024 aprobouse a adhesión de centros educativos de FP da provincia ao consorcio de mobilidade para a presentación á convocatoria citada.

O 19 de febreiro de 2024 a Deputación de Pontevedra presentou o proxecto do consorcio de mobilidade dentro da Acción Clave 1 (KA1) “Mobilidade das persoas por motivo de aprendizaxe”. E, o 19 de xullo de 2024 a Dirección do *Servicio Español para la Internacionalización de la Educación* (SEPIE) emitiu a resolución definitiva pola que se resolveu publicar os listados de solicitudes seleccionadas, en lista de reserva e rexeitadas da Acción Clave 1 – Mobilidade educativa de persoas (KA121,KA122), correspondente á Convocatoria de Propostas do programa Erasmus+ 2024, concedendo á Deputación de Pontevedra unha axuda para a realización do proxecto presentado por importe de 691.235,00 €.



A Xunta de Goberno da Deputación na súa sesión ordinaria do día 23 de agosto de 2024 adopta, entre outros, o acordo de aprobación e xeración de crédito do proxecto presentado pola Deputación de Pontevedra na convocatoria de propostas 2024 do programa Erasmus+.

Con data 12 de setembro de 2024 a Deputación asinou co SEPIE o convenio a través do cal se acepta a subvención concedida e se asume o compromiso de executar o proxecto nos termos e condicións establecidas. O prazo establecido para levar a cabo este proxecto é de 15 meses, dende o 1 de xuño de 2024 ata ao 31 de agosto de 2025. Con todo, solicitouse a ampliación da duración do proxecto a 24 meses facendo uso de dereito inherente a todos os beneficiarios. O 13 de xuño de 2025 o SEPIE notificou a aprobación desta solicitude, establecéndose a data de finalización do proxecto o 31 de maio do 2026.

As actividades subvencionables que se inclúen no proxecto son as de longa duración de estudantes de FP, de aprendizaxe por observación para persoal docente e non docente e para a financiación de visitas preparatorias.

En relación á actividade de longa duración para titulados, e de acordo co Plan Erasmus da Deputación de Pontevedra, en cada un dos centros de Formación Profesional constituíuse un comité de mobilidade e comisión de valoración que se encargarán da selección do alumnado, concreción do país de destino e data de inicio da prácticas preferentes. Á súa vez, a Deputación creou o seu comité de mobilidade para o asesoramento en materia xerais relativas ao proxecto, así como calquera outra necesidade e imprevisto relacionado coas prácticas.

Partindo das propostas dos centros de Formación Profesional e do comité de mobilidade da Deputación, as persoas participantes distribúense en varias quendas por data de saída. Ata o momento, concedéronse axudas á mobilidade a 63 persoas agrupadas en 6 quendas.

Esta 7ª quenda comprende a 23 persoas participantes que inician a mobilidade en outubro con destino Portugal, Italia, Malta, Irlanda e Polonia sendo a duración e os importes das axudas os sinalados no Anexo.

A guía do Programa Erasmus+ 2024 establece que a duración das mobilidades de longa duración de estudantes de FP será mínimo de 90 días e non poderá superar os 365 días. Engádese 1 día para a viaxe de ida e 1 día para a viaxe de volta que se inclúen no cálculo da partida de Apoio Individual.

O importe da axuda vén determinado en función do número de días de estancia e do país de destino e da distancia. Para o cálculo da contía correspondente, seguindo as directrices do programa, úsase a plataforma Beneficiary Module, creada pola Comisión Europea para a xestión dos proxectos Erasmus+.

Esta axuda financeira queda vinculada ao cumprimento dos obxectivos do programa recollidos no convenio de subvención Erasmus+ asinado entre a Deputación de Pontevedra e as persoas participantes e de destinala aos fins que se determinan no mesmo. A dita axuda ou parte dela será reembolsada á Deputación se a persoa participante non cumpre coas súas obrigas de acordo ao establecido no convenio asinado entre as partes e a normativa aplicable.



O apartado 1º da cláusula 5 (modalidades de pago) do citado convenio establece que nos 30 días posteriores á sinatura do convenio por ambas partes e non máis tarde da data de inicio do período de mobilidade ou tras a recepción da confirmación da chegada, realizarase un pago de prefinanciación equivalente ao 90% do importe especificado na cláusula 3.

Visto o informe do xefe de servizo de Promoción de Emprego e Desenvolvemento Local de data 16 de setembro de 2025 proponendo a concesión de bolsas do proxecto Erasmus+ 2024 (7ª mobilidade), nas cantidades detalladas no anexo.

Con data 18 de setembro de 2025 Intervención emitiu informe de fiscalización favorable para a adxudicación da mobilidade ao alumnado participante no proxecto ERASMUS+ 2024 (7ª mobilidade).

En consecuencia, visto o que antecede e a normativa de pertinente aplicación, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- A concesión das axudas de mobilidade a favor do alumnado que participa neste proxecto Erasmus+ 2024 (7ª mobilidade), nas cantidades detalladas no anexo en concepto de axuda por mobilidade (axuda individual + axuda de viaxe).
- Autorizar e comprometer o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 25/240.2425.481.01.2024 do proxecto de gasto cód. 2400007_Erasmus+ 2024 polo importe máximo de 145.223,00 € a favor do alumnado na contía que se relaciona no Anexo.
- Notificar ás partes interesadas.



Anexo

Núm. expediente	Persoa beneficiaria	NIF/NIE	Centro Formación	Sector	Destino	Data de inicio (incluída viaxe)	Data de fin (incluída viaxe)	Total días	Axuda viaxe	Axuda individual	Total axuda
2025057994	ABEL RODRIGUEZ GONZÁLEZ	***2704**	IES LAXEIRO	CM Electricidade	PORTUGAL	12/10/2025	21/02/2026	133	211,00 €	5.971,00 €	6.182,00 €
2025058064	ABRAHAM LUSQUINOS FARÍÑA	***4083**	IES ANTON LOSADA DIEGUEZ	CM Sistemas Microinformáticos e Redes	ITALIA	12/10/2025	21/02/2026	133	395,00 €	6.811,00 €	7.206,00 €
2025050918	ALBA RODRIGUEZ PAZOS	***8207**	IES LUIS SEOANE	FPB Sevizos Comerciais	MALTA	12/10/2025	21/02/2026	133	395,00 €	5.971,00 €	6.366,00 €
2025058066	ALEJANDRO REA PÉREZ	***4315**	IES DE VILALONGA	CFGM Xestión Administrativa	ITALIA	12/10/2025	21/02/2026	133	309,00 €	6.811,00 €	7.120,00 €
2025050920	AVRIL FREIRE SUÁREZ	***0297**	IGAFA	Técnico En Cultivos Acuícolas	PORTUGAL	12/10/2025	11/01/2026	92	28,00 €	4.208,00 €	4.236,00 €
2025058090	CHRISTIAN CONTI SOTO	***0049**	IES ANTON LOSADA DIEGUEZ	CM Sistemas Microinformáticos e Redes	ITALIA	12/10/2025	21/02/2026	133	395,00 €	6.811,00 €	7.206,00 €
2025058095	DANIEL SÁNCHEZ SUEIRO	***9480**	IES ANTON LOSADA DIEGUEZ	CM Sistemas Microinformáticos e Redes	ITALIA	12/10/2025	21/02/2026	133	395,00 €	6.811,00 €	7.206,00 €
2025058096	DAWIT COMESAÑA PÉREZ	***1274**	IES A GUIA	CM Actividades Comerciais	MALTA	12/10/2025	21/02/2026	133	395,00 €	5.971,00 €	6.366,00 €
2025058104	FATOUMATA NDONG	***0526**	IES A GUIA	CM Actividades Comerciais	PORTUGAL	12/10/2025	21/02/2026	133	28,00 €	5.971,00 €	5.999,00 €
2025058108	FERNANDO SANTALLA QUIROGA	***2603**	CIFP MONTECELO	Postimpresión e acabamentos gráficos	PORTUGAL	12/10/2025	21/02/2026	133	211,00 €	5.971,00 €	6.182,00 €
2025058113	HANNES BARTÖLKE SANTOMÉ	***6147**	IGAFA	Técnico En Operacións Subacuáticas E Hiperbáricas	IRLANDA	12/10/2025	21/02/2026	133	309,00 €	6.811,00 €	7.120,00 €
2025058116	HUGO BERTOMEU PÉREZ	***3709**	CIFP AUDIOVISUAL DE VIGO	CM Disc-Jockey e Sonido	POLONIA	12/10/2025	21/02/2026	133	395,00 €	4.998,00 €	5.393,00 €

(CONTINUA)

Núm. expediente	Persoa beneficiaria	NIF/NIE	Centro Formación	Sector	Destino	Data de inicio (incluída viaxe)	Data de fin (incluída viaxe)	Total días	Axuda viaxe	Axuda individual	Total axuda
2025058120	IDALIA ELIZABETH MUÑOZ LÓPEZ	***5224**	FORMACION DIVINO MAESTRO	Grado Medio De Cuidados Auxiliares De Enfermería	IRLANDA	12/10/2025	21/02/2026	133	309,00 €	6.811,00 €	7.120,00 €
2025058122	JEAN PAUL MARTÍNEZ GALLEGO	***3682**	IES RIBEIRA DO LOURO	CM Xestión administrativa	PORTUGAL	12/10/2025	21/02/2026	133	211,00 €	5.971,00 €	6.182,00 €



2025058124	JERAY CARBALLO PARADA	***4553**	IGAFA	Técnico En Cultivos Acuícolas	ITALIA	12/10/2025	21/02/2026	133	309,00 €	6.811,00 €	7.120,00 €
2025061567	KEVIN ANDRÉS BETANCOUTH MALDONADO	***6016**	IES CHAN DO MONTE	FPB Informática de Oficina	PORTUGAL	12/10/2025	21/02/2026	133	28,00 €	5.971,00 €	5.999,00 €
2025058374	LUCIA FERNÁNDEZ MAQUIEIRA	***8170**	IES LUIS SEOANE	CM Xestión Administrativa	IRLANDA	12/10/2025	21/02/2026	133	309,00 €	6.811,00 €	7.120,00 €
2025058380	MAR MIRANDA CALVAR	***1539**	CIFP AUDIOVISUAL DE VIGO	CM Disc-Jockey e Sonido	POLONIA	12/10/2025	21/02/2026	133	395,00 €	4.998,00 €	5.393,00 €
2025058386	MIRIAM ASTRID ABAL GÓMEZ	***1498**	CIFP MONTECELO	Postimpresión e acabamentos gráficos	PORTUGAL	12/10/2025	21/02/2026	133	211,00 €	5.971,00 €	6.182,00 €
2025058556	OSCAR ALÉN BOUZADA	***8845**	CIFP AUDIOVISUAL DE VIGO	CM Disc-Jockey y Sonido	POLONIA	12/10/2025	21/02/2026	133	395,00 €	4.998,00 €	5.393,00 €
2025058557	PAULA CABALLERO RODRÍGUEZ	***0978**	EFA CANCELA	CFGM Panadería, Repostería E Confitería	ITALIA	12/10/2025	21/02/2026	133	309,00 €	6.811,00 €	7.120,00 €
2025058558	RAÚL RIOBÓ GONZÁLEZ	***7987**	IES A GUIA	CM Actividades Comerciais	MALTA	12/10/2025	12/01/2026	93	395,00 €	4.251,00 €	4.646,00 €
2025058562	XOEL RAMALLO JURADO	***7603**	IES A GUIA	CM Actividades Comerciais	MALTA	12/10/2025	21/02/2026	133	395,00 €	5.971,00 €	6.366,00 €

Total 7ª mobilidade: 145.223,00 €



6.35633.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE PARA A ADXUDICACIÓN MEDIANTE
PROCEDIMENTO ABERTO DO CONTRATO PARA A PRESTACIÓN DO
SERVIZO DE XESTIÓN, DESENVOLVEMENTO E EXECUCIÓN DO
PROGRAMA + BENESTAR 2026-2030 (EXPTE.2025009307)

De conformidade co artigo 36.1.d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, dispónse que é competencia propia da Deputación a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais administracións públicas neste ámbito, no mesmo sentido o artigo 109 d) da Lei 5/1997, de 22 de xullo de Administración local de Galicia.

A Deputación de Pontevedra, a través do Servizo de Benestar Social, leva a cabo a organización de actividades dirixidas a persoas maiores, xubiladas e pensionistas, coa finalidade de favorecer o envellecemento activo, fomentar a participación e a cooperación social, promovendo espazos de encontro e intercambio de experiencias que permitan fomentar a súa independencia e evitar así o illamento e as situacións de soidade non desexada.

O programa conta con grande arraigo dentro das actuacións termais que a Deputación de Pontevedra ven desenvolvendo na área de persoas maiores, e a finalidade principal é facilitarlle ás veciñas e veciños da provincia de Pontevedra o acceso a actividades de ocio saudable e envellecemento activo en establecementos hostaleiros (balnearios, talasos ou spas), , ao mesmo tempo, que pretende ser un programa dinamizador da economía da provincia, impulsando a creación e o mantemento de postos de traballo no sector turístico durante os períodos de menor actividade ao desestacionalizar a demanda e ademais contribúe á sostibilidade económica da provincia.

Dado que a Deputación de Pontevedra non dispón dos medios humanos e técnicos necesarios para poder desenvolver a prestación, tense que acudir a unha contratación dunha empresa externa especializada no sector para a xestión e desenvolvemento do programa.

Por todo o exposto, a xefa do servizo de Benestar Social coa conformidade da deputada delegada informa da necesidade de contratación do Servizo de xestión desenvolvemento e execución do programa + BENESTAR, que se caracteriza por ofrecer unha estadía de seis días e cinco noites, nun hotel con balneario, talaso, spa ou outras instalacións de características similares da provincia de Pontevedra, en réxime de pensión completa con actividades de animación sociocultural, para un máximo de 2.127 prazas, destinado as persoas que cumpran os requisitos especificados na cláusula 1.1 do prego técnico.

Xunto coa proposta remitiuse o prego de prescricións técnicas que rexerá nesta contratación.



Visto que con data, pola Intervención realízase a previsión futura de retención de crédito para o exercicio 2026 mediante o documento RC fut (2026) nº 12025000104903 por importe de 221.700,00 €, con cargo a aplicación orzamentaria 2026/231.2311.227.07.

Asemade, na Memoria xustificativa do contrato, o Xefe do Servizo de Contratación xustifica que o réxime xurídico do contrato é administrativo de servizos, encuadrado no tipo previsto no artigo 312 da LCSP correspondente aos contratos de servizos que conleven prestacións directas a favor da cidadanía. O réxime xurídico do contrato determínase mediante a aprobación das bases reguladoras do programa + BENESTAR. O procedemento de adxudicación elixido é o aberto atendendo a diferentes criterios de valoración (mellor relación calidade-prezo), e indica que, tal como prevé o artigo 116 do Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).

Visto que o servizo de Contratación elabora o borrador de prego de cláusulas económico-administrativas particulares, e, con data 5/04/2024 solicita o preceptivo informe á Secretaría.

Tendo en conta o informe favorable da Secretaría Xeral, de data 28/07/2025.

Visto que con data 13/08/2025 o servizo de Contratación solicita o preceptivo informe de fiscalización á Intervención, nos termos previstos na Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Orzamentaria.

Tendo en conta o informe favorable da Intervención, de data 15/09/2025 coas seguintes observacións e recomendacións: *“O artigo 312 LCSP regula as especialidades dos contratos de servizos que conleven prestacións directas a favor da cidadanía, os cales antes de proceder a súa contratación deberán ter establecido o seu réxime xurídico. O prego de prescricións técnicas (PPT) define as condicións da prestación do servizo e as obrigas e funcións da empresa adxudicataria. Non entanto, sería recomendable a aprobación das bases reguladoras do programa, con carácter previo ou simultáneo á aprobación do expediente e no seu caso, se ditas bases foran aprobadas con posterioridade, non poderán contravir ou introducir obrigas adicionais para o contratista respecto, das previstas no prego de prescricións técnicas (PPT).”*

Tendo en conta os artigos 116 e 117 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establecen que a celebración de contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade y que deberá ser publicado no perfil do contratante. Completado o expediente de contratación, ditarase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto.

Tendo en conta o artigo 122.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establece que os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente coa mesma, e sempre antes da licitación do contrato, ou, de non existir esta, antes da súa adxudicación.



Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á Presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobación do expediente para a contratación, mediante procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada do Servizo de xestión, desenvolvemento e execución do programa + BENESTAR, cun orzamento máximo de licitación unitario de 434,32€/persoa.

O orzamento base de licitación ascende á cantidade de 221.700,00€, para un total de 2.127 prazas.

O programa será cofinanciado pola Deputación de Pontevedra e polas persoas usuarias de acordo coa seguinte distribución:

- A Deputación subvencionará 2.097 prazas de réxime xeral con 100 euros o que resulta un total de 209.700,00€.
- E 30 prazas, de réxime especial, as subvencionará con 400,00 euros, o que resulta un total de 12.000,00€.
- As persoas usuarias pagarán a cantidade resultante de descontar do importe de adxudicación o importe que subvenciona a Deputación de Pontevedra.

O programa levarase a cabo de conformidade coas condicións establecidas no prego de prescrición técnicas, así como nas bases reguladoras do programa que serán aprobadas na anualidade correspondente, non podendo estas contravir o disposto no prego técnico.

2.- Aprobación dos pregos de cláusulas económico-administrativas particulares (csv: 269HLD3LZZKIDSEF) e de prescricións técnicas (csv: SHRH8DOOCKDGI1ER) que rexerán dita contratación.

3.- Autorizar a tramitación anticipada do gasto polo importe máximo de 221.700,00€, con cargo a aplicación orzamentaria 2026/231.2311.227.07.

4.- Nomear responsable do contrato a Xefa do servizo de Benestar Social ou persoa en que delegue.

5.- Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación, concedendo un prazo para a presentación de proposicións que rematará ás 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 30 días naturais, desde a data de envío do anuncio de licitación á Oficina de Publicacións da Unión Europea.



7.35634.-

APROBACIÓN DO EXPEDIENTE PARA A ADXUDICACIÓN MEDIANTE
PROCEDIMENTO ABERTO DA SUBMINISTRACIÓN DE BIOMASA
COMBUSTIBLE EN FORMA DE PELLETS DE MADEIRA PARA AS
CALDEIRAS DE BIOMASA DO CPF DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA.
(EXPTE.2025049445)

O Centro Príncipe Felipe da Deputación de Pontevedra é unha institución de carácter educativo e social, concibida para acoller e formar a aqueles e aquelas menores en situación de risco ou exclusión social co obxectivo de mellorar o seu benestar social e favorecer a súa integración.

Dito centro conta cunha instalación térmica centralizada destinada á cobertura da demanda enerxética de calefacción e auga quente sanitaria de todos os edificios do complexo, na que os equipos de xeración de calor son unha central de biomasa, formada por dúas caldeiras; e unha caldeira de gas natural.

A xefa de xestión administrativa do centro Príncipe Felipe informa que a contratación que se pretende, de subministración de biomasa en forma de pellets de madeira, resulta necesaria para proveer ás dúas caldeiras de biomasa mencionadas do combustible necesario para o seu funcionamento en condicións óptimas, de forma que se garanta a atención da demanda de benestar térmico e hixiene das persoas do complexo.

En base ao exposto, con data 14/07/2025, a xefa de xestión administrativa do Centro Príncipe Felipe (CPF) dita providencia de inicio co (csv 15R5CERK8VDMISOIH) pola que propón iniciar a contratación da subministración de biomasa combustible en forma de pellets de madeira para as caldeiras de biomasa do CPF da Deputación de Pontevedra. O contrato proposto ten un prazo de duración de un ano con posibilidade de dúas prórrogas de un ano de duración cada unha, e un orzamento base de licitación, 21% de IVE engadido de 216.287,50€.

Tendo en conta que, con data 31/07/2025, o xefe do servizo de Contratación emite proxecto de memoria xustificativa para a pretendida contratación, na que informa que o réxime xurídico aplicable é o propio dun contrato administrativo de subministracións, o procedemento a aplicar é o procedemento aberto, sendo este o procedemento ordinario, segundo o artigo 131.2 LCSP. Consta no expediente memoria definitiva con csv: 7SWD0LQ55LKAIDZR.

Visto que o servizo de Contratación elabora o borrador de prego de cláusulas económico-administrativas particulares, e solicita o preceptivo informe á Secretaría.

Visto que con data 17/07/2025, a Intervención informa que na aplicación 2025/232.2312.221.03 do vixente orzamento provincial non existe crédito para facer fronte ao gasto do ano 2025 (1 mes) que ascende a 18.023,96€. Non obstante, si existe na súa vinculación xurídica a cuxo efecto se emitiu o documento RC nº. 12025000140471 polo dito importe (18.023,96€).

Asemade, no vixente orzamento provincial realízase a previsión futura de retención de crédito para o exercicio 2026 (11 meses) mediante o documento RCFUT(2026) Nº. 12025000140472 por importe de 198.263,54€, quedando condicionado o gasto á aprobación do seu orzamento e á existencia de crédito adecuado e suficiente na correspondente aplicación orzamentaria que será, no seu caso, a 2026/232.2312.221.03.



Tendo en conta o informe favorable da Secretaría Xeral, de data 4/08/2025, e as observacións contidas no mesmo co csv 3LNYB3IR3KVNDMZJ.

Tendo en conta o informe favorable da Intervención, de data 12/09/2025, co csv ZR6PKCXM5JHE22QZ. Tendo en conta o artigo 16 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo o cal califícanse como contratos de subministracións os contratos que teñen por obxecto a adquisición, o arrendamento financeiro, ou o arrendamento, con ou sen opción de compra, de produtos ou bens móbiles. Tendo en conta os artigos 116 e 117 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establecen que a celebración de contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade y que deberá ser publicado no perfil do contratante. Completado o expediente de contratación, ditarase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto.

Tendo en conta o artigo 122.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establece que os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente coa mesma, e sempre antes da licitación do contrato, ou, de non existir esta, antes da súa adxudicación.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á Presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de subministracións cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada, da Subministración de biomasa combustible en forma de pellets de madeira para as caldeiras de biomasa do centro Príncipe Felipe da Deputación de Pontevedra.

O orzamento base de licitación (límite máximo de gasto, incluído o 21% de IVE) ascende á cantidade de 216.287,50€.

O prezo unitario por tonelada de pellets é de: 325,00€

O prazo de duración será de un ano a contar desde a data de formalización do contrato, con posibilidade de dúas prórrogas de un ano de duración.

O valor estimado (con modificación do 20% e dúas prórrogas) ascende a cantidade de: 643.500,00€

2.- Autorizar o gasto por importe de 216.287,50 € con cargo a seguinte aplicación orzamentaria:

Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe total (co IVE)
2025	25/232.2312.221.03 (a nivel de vinculación)	18.023,96€
2026	26/232.2312.221.03	198.263,54€
	Total	216.287,50€



O importe correspondente á anualidade 2026, quedará condicionado a aprobación do respectivo orzamento e a existencia de crédito adecuado e suficiente no mesmo.

3 - Aprobar os pregos de cláusulas económico-administrativas particulares (CSV: Z815ECXY7VVUCYRY) e de prescricións técnicas (CSV: ZD3STHXOGW1MCA3Z) que rexerán contratación.

4- Nomear como responsable do contrato a Patricia Pérez Fernández, Técnica de mantemento do centro Príncipe Felipe.

5- Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación, concedendo un prazo para a presentación de proposicións que rematará ás 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 30 días naturais, desde a data de envío do anuncio de licitación á Oficina de Publicacións da Unión Europea.

8.35635.- DECLARAR DESERTO O PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO CONVOCADO PARA A CONTRATACIÓN DA OBRA “REPARACIÓN DE DANOS NA PONTE SOBRE O RÍO TEA NA E.P. 4401 MONDARIZ BALNEARIO-FOZARA (CONCELLOS DE MONDARIZ BALNEARIO E MONDARIZ)” (EXPTE.2025008072)

Resultando.-Que de acordo coa Lei 7/85, de 2 de abril, de bases de réxime local a prestación de servizos de carácter supramunicipal e supracomarcal é unha das competencias propias das deputacións. A salvagarda do servizo público viario e a mellora da seguridade viaria é o eixo principal das competencias da Deputación de Pontevedra en materia de infraestruturas e mobilidade.

Resultando.- Que o artigo 9.2 da Lei 8/2013, de 28 de xuño, de estradas de Galicia (en diante LEG) establece que a administración titular da estrada é responsable do servizo público viario. A rede provincial de estradas con aproximadamente 1.700 quilómetros de lonxitude total, atópase na estrutura viaria global por detrás das estradas de competencia estatal e da Xunta de Galicia.

Resultando.- Que no desenvolvemento da súa competencia, a Deputación presentou en xaneiro de 2016 o seu Decálogo de Criterios para as novas actuacións nas vías provinciais co fin de actuar acorde coas demandas urbanísticas, ambientais e sociais, de máximo respecto ao territorio e ao patrimonio construído aumentando a seguridade viaria en toda a rede de estradas da provincia.

Resultando.- Que a estrada E.P. 4401 MONDARIZ -BALNEARIO – FOZARA que percorre os termos municipais de Mondariz Balneario e Mondariz pertence á rede provincial de estradas da Deputación de Pontevedra, cunha lonxitude de 4.383 metros.

Resultando.- Que logo da inspección realizada polo persoal do servizos técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais, constatouse que na devandita estrada resulta necesario proceder a reparación dos danos estruturais que afectan a ponte sobre o río Tea, no P.Q. 0+000 da estrada EP-4401. Aprécianse danos nos estribos de fábrica de pedra, no taboleiro de vigas de formigón armado e na ampliación con vigas de formigón pretensado.



Resultando.- Que sendo necesario definir de forma clara e precisa o obxecto do contrato, redactouse polos enxeñeiros de camiños, canais e portos Manuel Durán Fuentes e Alberto Arias Durán, adscritos á empresa EIC DURÁN, SL., o proxecto de execución da obra “Reparación de danos na ponte sobre o río Tea na E.P. 4401 Mondariz Balneario-Fozara (Concellos de Mondariz Balneario e Mondariz)” cun orzamento base de licitación de 494.180,00 € IVE Incluído. A este proxecto asignóuselle o código CSV: 772G0CCFY81ISLRX.

Resultando.- Que na súa consecuencia recibíuse no Servizo de Contratación providencia da Deputada Delegada da área de Infraestruturas, solicitando iniciar a tramitación do expediente para adxudicar o contrato de obras “Reparación de danos na ponte sobre o río Tea na E.P. 4401 Mondariz Balneario-Fozara (Concellos de Mondariz Balneario e Mondariz)”

Resultando.- Que pola Intervención emitíuse documento RC número 12025000042233 por importe de 494.180,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 25/456.4530.612.01 do vixente orzamento provincial certificando a existencia de consignación orzamentaria para facer fronte a este gasto.

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 09/05/2025 acordou aprobar o proxecto de execución da obra “Reparación de danos na ponte sobre o río Tea na E.P. 4401 Mondariz Balneario-Fozara (Concellos de Mondariz Balneario e Mondariz)” redactado polos enxeñeiros de camiños, canais e portos Manuel Durán Fuentes e Alberto Arias Durán, adscritos á empresa EIC DURÁN, SL, cun orzamento base de licitación de 494.180,00 € IVE Incluído. A este proxecto asignóuselle o código CSV: 772G0CCFY81ISLRX.

Resultando.- Que consta no expediente acta de replanteo previo e memoria xustificativa emitida polo xefe do Servizo de Contratación, no que manifesta en relación co procedemento a seguir para esta contratación, que o procedemento de adxudicación debe de ser o procedemento aberto simplificado recollido no artigo 159.1 da LCSP, en relación co 131.2 do mesmo texto legal.

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 14 de agosto de 2025, acordou aprobar o expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento aberto simplificado do contrato de obras “Reparación de danos na ponte sobre o río Tea na E.P. 4401 Mondariz Balneario-Fozara (Concellos de Mondariz Balneario e Mondariz)”. O anuncio de licitación publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 20 de agosto de 2025. Así mesmo, na mesma data publicáronse os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

Resultando.- Que finalizado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación na súa sesión do día 11/09/2025 procedeu á apertura electrónica dos sobres "A" correspondentes á documentación administrativa e documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado, convocado para a contratación da obra “Reparación de danos na ponte sobre o río Tea na E.P. 4401 Mondariz Balneario-Fozara (Concellos de Mondariz Balneario e Mondariz)”.

Resultando.- Que a Mesa de Contratación observou que non existe ningunha oferta presentada dentro do prazo establecido ao efecto, polo que acordou propor ó Órgano de Contratación declarar deserto este procedemento.



Considerando.- Que conforme ao previsto no artigo 150.3 da Lei 9/2017 de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, recolle o seguinte "... non poderá declararse deserta unha licitación cando exista algunha oferta ou proposición que sexa admisible de acordo cos criterios que figuren no prego..."

Considerando.- Que, a sensu contrario, cabería concluír que cando non exista ningunha oferta ou proposición admisible de acordo cos criterios que figuren no prego, a licitación poderá declararse deserta.

Considerando.- Que de conformidade co artigo 63.3 e) parágrafo segundo da LCSP, será obxecto de publicación no perfil do contratante a declaración de deserto.

Considerando.- Que a disposición adicional segunda da LCSP no seu apartado 1, faculta ó Ilmo Sr. Presidente para actuar como órgano de contratación, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª. 2 a) onde figura que lle compete á Xunta de Goberno autorizar e comprometer os gastos precisos para contratación que sendo competencia da Presidencia, superen para o contrato de obras o importe de douscentos mil euros.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Declarar deserto o procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra *"Reparación de danos na ponte sobre o río Tea na E.P. 4401 Mondariño Balneario-Fozara (Concellos de Mondariño Balneario e Mondariño)"*.

9.35636.- DECLARAR DESERTO O PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO CONVOCADO PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE DESEÑO, PRODUCCIÓN, TRANSPORTE, MONTAXE E DESMONTAXE, ALMACENAMENTO, MANTEMENTO E SERVIZOS COMPLEMENTARIOS DO STAND QUE REPRESENTARÁ AOS CASTELOS DE SOBROSO E SOUTOMAIOR EN FESTAS DE INTERESE TURÍSTICO DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA DURANTE O ANO 2025 (EXPTE.2025018065)

Resultando.- Que por acordo de Xunta de Goberno nº 6.35521, do día 08 de agosto de 2025, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado, do *"servizo de deseño, produción, transporte, montaxe e desmontaxe, almacenamento, mantemento e servizos complementarios do stand que representará aos castelos de Sobroso e Soutomaior en festas de interese turístico da provincia de Pontevedra durante o ano 2025"* cun orzamento base de licitación de 32.191,26 euros (IVE engadido).

Resultando.- Que o anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra, aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público, con data 28 de agosto de 2025. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.



Resultando.- Que finalizado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación na súa reunión de data 18 de setembro de 2025, procedeu á apertura dos sobres “A” correspondentes á documentación administrativa e documentación avaliable mediante xuízos de valor convocado para a contratación do *“servizo de deseño, produción, transporte, montaxe e desmontaxe, almacenamento, mantemento e servizos complementarios do stand que representará aos castelos de Sobroso e Soutomaior en festas de interese turístico da provincia de Pontevedra durante o ano 2025”*

Resultando.- Que o certificado da Mesa de Contratación, de data 18 de setembro de 2025, recolle o seguinte: “(...) a Mesa de Contratación ACORDA:

- *Propor ao órgano de contratación que se declare deserto o procedemento aberto simplificado convocado para a contratación do “servizo de deseño, produción, transporte, montaxe e desmontaxe, almacenamento, mantemento e servizos complementarios do stand que representará aos castelos de Sobroso e Soutomaior en festas de interese turístico da provincia de Pontevedra durante o ano 2025” por non terse presentado ningunha empresa interesada na adxudicación deste contrato.”*

Considerando.- Todo o recollido nas normas do procedemento establecidas nas Seccións 1ª e 2ª do Capítulo V, do Título II do Libro Segundo da LCSP.

Considerando.- Que no artigo 150.3 da Lei 9/2017 de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, recolle o seguinte “(...) non poderá declararse deserta unha licitación cando exista algunha oferta ou proposición que sexa admisible de acordo cos criterios que figuren no prego...”

Considerando.- Que a sensu contrario cabería concluír que cando non exista ningunha oferta ou proposición admisible de acordo cos criterios que figuren no prego, a licitación poderá declararse *deserta*.

Considerando.- Que o artigo 63.3 e) parágrafo segundo da LCSP establece que serán obxecto de publicación no perfil do contratante, a decisión de non adxudicar ou celebrar o contrato, o desistimento do procedemento de adxudicación, a declaración de deserto, así como a interposición de recursos e a eventual suspensión dos contratos con motivo da interposición de recursos.

Á vista do exposto, tendo en conta a disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público; do artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; da base de execución do orzamento 16ª.1 b), e pola Resolución Presidencial número 2024005761, de 10 de xullo de 2024, de delegación e concreción de atribucións da Presidencia nos distintos centros e áreas de servizo.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aceptar a proposta da Mesa de Contratación e declarar deserto o procedemento aberto simplificado convocado para a contratación do *“servizo de deseño, produción, transporte, montaxe e desmontaxe, almacenamento, mantemento e servizos complementarios do stand que representará aos castelos de Sobroso e Soutomaior en festas de interese turístico da provincia de Pontevedra durante o ano 2025”* por non terse presentado ningunha proposición en tempo e forma.



10.35637.- DEVOLUCIÓN DAS GARANTÍAS DEFINITIVAS CONSTITUÍDAS POLA EMPRESA MOVIMIENTO DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES AROSA, S.L. (B-36.533.537), PARA RESPONDER DO CONTRATO DERIVADO -LOTE 3, DA ZONA C1- DO ACORDO MARCO QUE REGULE AS “OBRAS DE CONSERVACIÓN DE FIRMES NA REDE VIARIA DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA”(EXPTE.2020022322)(DEVOGARAN 2024080111).

Por acordo, número 3.7582, adoptado polo Pleno da Corporación Provincial, celebrado na súa sesión ordinaria, de data 26 de marzo de 2021 (CSV.- I7XBNPNS4NVBWIEW), adoptouse, entre outros asuntos a “Adxudicación do procedemento aberto convocado para a conclusión dun Acordo Marco que regule as obras de <Conservación de firmes na rede viaria da Deputación para o ano 2021>”. (Núm. Exp. 2020022322)

Dentro deste procedemento aberto e a través do acordo adoptado pola Xunta de Goberno, número 10.30350, da celebrada na súa sesión ordinaria, do día 28 de maio de 2021 (CSV.- M4Y47M2EVRJVUBJT), acordouse a “Adxudicación dun Contrato Derivado do (LOTE 3. ZONA C1), do acordo marco que regula as obras de “Conservación de firmes na rede viaria da Deputación de Pontevedra para o ano 2021”. (Expte.- 2021022292)

Para garantir a correcta execución deste CD, a entidade mercantil MOVIMIENTO DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L. (B-36.533.537), constituíu na Tesourería desta Deputación, unha garantía definitiva polo importe equivalente ao 5% do prezo de adxudicación, que foi a seguinte:

N.º CONTRATO DERIVADO	IMPORTE	CARTA PAGO	DATA
2021022292 (CD – Lote 3 – Zona C1)	22.374,09€	202100029246	26/02/2021
		12024000030442	
	3.827,42€	202100118524	10/06/2021
		12024000030484	

Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido desde o Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais (CSV.- AD1B6HHKAQF5XVPL), no cal sinala “(...) considerando que se cumpriu o período de garantía ofertado de 36 meses dende a recepción das obras en data 26/11/2021, procede a devolución da fianza definitiva constituída polo contratista polo 5% do prezo de adxudicación sen IVE, por importe de vinte e seis mil douscentos un euros con cincuenta e un céntimos (26.201,51 €), segundo consta nas cartas de pagamento núm. 202100029246 de data 26/02/2021 por importe de 22.374,09 € e na complementaria núm. 202100118524 de data 10/06/2021 por importe de 3.827,42 €.

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención (CSV.-NFAD487MHU60Y946), no cal indica que existen na caixa da Deputación a constitución por parte da entidade mercantil MOVIMIENTOS DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L., dunhas garantías con eses conceptos e por eses importes, e nos que igualmente informa favorablemente á devolución da mesma.



Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución”.

A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade có establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

PRIMEIRO.- Aprobar a liquidación do contrato de “*Contrato Derivado do (LOTE 3. ZONA C1), do acordo marco que regula as obras de <Conservación de firmes na rede viaria da Deputación de Pontevedra para o ano 2021>*” (Núm. Expte. 2021022292), sen que existan obrigas pendentes.

SEGUNDO.- Proceder á devolución das garantías definitivas presentadas pola entidade mercantil MOVIMIENTO DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L. (B-36.533.537), por resultar adxudicataria de dito contrato, que son as seguintes:

- A constituída mediante aval emitido pola entidade CESCE, S.A., *Compañía de Seguros y Reaseguros, S.M.E. -Certificado seguro de caución nº 2021/28778, correspondente á póliza aberta nº 1004919-*, por importe de vinte e dous mil trescentos setenta e catro euros con nove céntimos (22.374,09 €), que foi depositada na Tesourería Provincial con data 26/02/2021, segundo mandamento de ingreso con número de Carta de Pago 202100029246 (Nº operación 12024000030442).
- A constituída mediante aval emitido pola entidade CESCE, S.A., *Compañía de Seguros y Reaseguros, S.M.E. -Certificado seguro de caución nº 2021/31307, correspondente á póliza aberta nº 1004919-*, por importe de vinte e tres mil oitocentos vinte e sete euros con corenta e dous céntimos (3.827,42 €), que foi depositada na Tesourería Provincial con data 10/07/2021, segundo mandamento de ingreso con número de Carta de Pago 202100118524 (Nº operación 12024000030484).

11.35638.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUÍDA POLA EMPRESA EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PÉREZ PORTELA, S.L. (B-36.239.861), PARA RESPONDER DO CONTRATO RELATIVO A “MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA EP-4006 NO TREITO ANTIGO DO COLEXIO DE LEIRADO (CONCELLO DE SALVATERRA DE MIÑO)”(EXPTE.2021024981) (DEVOGARAN 2025046691) (CONTRATACIÓN)

Por acordo da Xunta de Goberno celebrada na súa sesión ordinaria, de data 20 de setembro de 2021, adxudicouse, mediante procedemento aberto simplificado, a obra de “*Mellora da mobilidade peonil na EP-4006, no treito antigo do Colexio de Leirado (Concello de Salvaterra de Miño)*”. (Núm. Expte. 2021024981)



Para garantir a correcta execución deste contrato, a entidade mercantil *Excavaciones y Construcciones Manuel Pérez Portela, S.L.*, constituíu na Tesourería desta Deputación, unha garantía definitiva polo importe equivalente ao 5% do seu prezo de adxudicación, que foi o seguinte:

EMPRESA	IMPORTE	CARTA PAGO	DATA
EXC. Y CONST. MANUEL PÉREZ PORTELA, S.L. (B-36.239.861)	7.689,11€	202100174589	13/09/2021

O presente convenio ten natureza administrativa e rexerase pola Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e o Real decreto 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real decreto 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; polas Bases de execución dos orzamentos das Administracións asinantes; a Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial e polas restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, a falta de entendemento previo pola Comisión de Seguimento as partes quedan sometidas á xurisdición contencioso-administrativa na resolución de posibles controversias que puideran suscitar o incumprimento ou a interpretación do convenio.

E en proba de canto antecede, as partes que interveñen asinan o presente convenio na data da sinatura electrónica.

O alcalde-presidente do Concello de Pontevedra, Miguel Anxo Fernández Lores

O secretario do Concello de Pontevedra, José Carlos Castiñeira Piñeiro

O presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, Luis López Diéguez

O secretario da Deputación Provincial de Pontevedra, Carlos Cuadrado Romay ”



- A sinatura do convenio queda condicionada á aprobación do texto do convenio polo órgano competente do Concello de Pontevedra.
- Facultar ao presidente para formalizar o citado convenio mediante a súa sinatura.
- Dar traslado do presente acordo ao *Concello de Pontevedra*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación, ao Gabinete da Presidencia e ao Gabinete de Prensa.

16.35643.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL E O CONCELLO DE PONTEVEDRA PARA LEVAR A CABO A RENOVACIÓN DA ILUMINACIÓN PÚBLICA NO CENTRO URBANO (ZONA NORTE) (EXPTE.2025059911)

ANTECEDENTES

- No exercicio das súas atribucións, e ao abeiro da normativa aplicable, a Deputación Provincial e o Concello de Pontevedra desexan establecer as pautas de colaboración para levar a cabo a renovación da iluminación pública no centro urbano (zona Norte).
- Para dar cumprimento ó obxectivo referido no parágrafo anterior, nas datas 29/08/2025, 03/09/2025, 09/09/2025 e 10/09/2025, mediante Rexistro WEB2025061613, WEB2025062613, WEB2025063618, WEB2025063958 e WEB2025063970 respectivamente, o Concello de Pontevedra presenta pola sede electrónica unha solicitude e demais documentación necesaria para a formalización do devandito convenio.
- Asemade, segundo o proxecto de execución da devandita actuación a estimación económica para a súa execución é de DOUS MILLÓNS TRESCENTOS VINTE MIL NOVECIENTOS NOVENTA E UN EUROS CON DEZANOVE CÉNTIMOS (2.320.991,19€) IVE engadido e, segundo o previsto no texto de convenio, será financiado nun 69,02% pola Deputación cunha achega que ascende a cantidade DUN MILLÓN SEISCENTOS UN MIL NOVECIENTOS CORENTA E OITO EUROS CON TRECE CÉNTIMOS (1.601.948,13 €) con cargo ao exercicio 2025, e unha achega do Concello de Pontevedra de SETECENTOS DEZANOVE MIL CORENTA E TRES EUROS CON SEIS CÉNTIMOS (719.043,06 €) con cargo ao seu exercicio 2026, o que supón un 30,98% do orzamento total de execución.
- Revisada polo Servizo de Cooperación, a documentación achegada cumpre os requisitos esixidos pola normativa aplicable para a sinatura do convenio.
Na documentación do expediente, no xestor de CIVIDAS, consta a providencia de inicio de expediente de 09/09/2025 (CSV:2IFFM9J4KHXP7LO); o informe de supervisión do proxecto emitido por persoal técnico do Servizo de Cooperación de 10/09/2025 (CSV:JRZDALTEKN98PQO1); o informe do xefe do Servizo de Cooperación de 11/09/2025 (CSV:62FB65VEGNMIV3HI) e o informe de Intervención de fiscalización favorable do expediente de 11/09/2025 (CSV:VBGLABSS7IBA7QVF), manifestando a existencia de crédito adecuado e suficiente para facer fronte ao gasto na aplicación 2025/942.9420.762.14 do orzamento provincial.



- En data 19/09/2025 sométese ao ditame da Comisión Informativa de Cooperación Local, Cooperación Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais levar a cabo a renovación da iluminación pública no centro urbano (zona Norte).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Lexislación aplicable

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento, aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL)
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia (LALGA)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das administracións públicas (LPACAP)
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ó ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL)
- Bases de execución do orzamento da Deputación para o vixente exercicio
- Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra (Ordenanza Xeral)

Consideracións Xurídicas:

Competencia:

- Artigo 25.2 d) e b) e 26.1 a) da Lei 7/1985, de 02 de abril, reguladora das bases do réxime local (en adiante LRBRL), que atribúen ás Administracións municipais competencia en materia de infraestruturas e equipamentos de titularidade municipal e medio ambiente urbano, en concreto, protección contra a contaminación lumínica nas zonas urbanas. En concordancia co anterior, a LALGA ó regular as competencias propias dos concellos, establece no seu artigo 80 que o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, exercendo en todo caso como competencias propias e esenciais, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, en materia de infraestruturas e equipamentos de titularidade municipal, así como nas de medio ambiente urbano, en particular, na de protección contra a contaminación acústica, lumínica e atmosférica nas zonas urbanas.
- Artigo 31 da LRBRL, que encomenda ás deputacións que dirixan a súa actividade a asegurar a prestación integral e adecuada dos servizos de competencia municipal, recolléndose no seu artigo 36 como competencia propia das deputacións a asistencia e cooperación económica ós concellos. A estes efectos, a Deputación asegura o acceso da poboación da provincia ó conxunto dos servizos mínimos de competencia municipal mediante calquera fórmula de asistencia e cooperación municipal, para o que poderá outorgar subvencións ou axudas con cargo ós seus recursos propios para a realización e mantemento de obras e servizos municipais.



Petición e evacuación de informes:

- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 172 do ROFRXEL, que dispón que o xefe da Dependencia á que corresponda tramitar o expediente deberá emitir un informe, expoñendo os antecedentes e as disposicións legais ou regulamentarias en que funde o seu criterio.
- Bases 47ª e 48ª de execución do Orzamento provincial para o vixente exercicio, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinalan a competencia da Intervención para realizar esta función.
- Artigo 24 da LXS que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes se estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.

Procedencia do convenio

- Artigo 47 e seguintes da LRXSP, que dispón que os convenios de colaboración constitúen o instrumento adecuado para desenvolver a cooperación en cuestións de interese común.
- Artigo 57 da LRBRL que dispón que a cooperación en servizos locais desenvolverase con carácter voluntario, baixo as formas e nos termos previstos nas leis, podendo ter lugar, en todo caso, mediante convenios administrativos, en conexión co artigo 195.h) da LALGA.
- Artigo 198 da LALGA, que establece que as entidades locais poderán celebrar convenios de cooperación entre si para a máis eficaz xestión e prestación de servizos da súa competencia. No seu apartado 2º dispónse que a través dos convenios de cooperación as partes poderán coordinar as súas políticas de fomento dirixidas a un mesmo sector e distribuír as subvencións outorgadas por unha delas. No apartado 3º sinalase que, en especial, as Deputacións Provinciais poderán subscribir, cos municipios da provincia, convenios para garantir o acceso da poboación ó conxunto dos servizos municipais.
- Artigos 199 da LALGA, que en consonancia co artigo 49 da LRXSP sinala as especificacións que deberán conter os instrumentos de formalización dos convenios.
- Artigo 6 da LCSP, que exclúe do seu ámbito de aplicación os convenios de colaboración que celebre a Administración Xeral do Estado coas entidades xestoras e servizos locais, organismos autónomos e restantes entidades públicas, ou os que subscriban estes organismos e entidades entre si, salvo que, pola súa natureza, teñan a consideración de contratos suxeitos a dita lei.
- Artigo 2 da LXS, polo que a achega económica da Deputación de Pontevedra ten o carácter dunha subvención. O artigo 22.2 da LXS sinala que se poderán conceder de forma directa as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos das Entidades Locais, nos termos recollidos nos convenios e na normativa reguladora destas subvencións. Neste senso, a Deputación, para o desenvolvemento das actuacións que se describen no convenio, ten consignado expresamente no estado de gastos do orzamento provincial do exercicio 2025, dotación orzamentaria na aplicación 2025/942.9420.762.14 e designado como beneficiario ó Concello.



- Artigo 28.1 da LXS que establece que a resolución de concesión e, no seu caso, os convenios a través dos cales se canalicen estas subvencións establecerán as condicións e compromisos aplicables de conformidade co disposto nesta lei.

CONCLUSIÓN

En base ás precedentes consideracións e ó interese público que representa esta actuación para a cidade de Pontevedra e a súa veciñanza, e aos principios de colaboración e cooperación que se recollen na lexislación vixente, a Deputación Provincial e o Concello de Pontevedra conveñen a súa colaboración neste ámbito co obxecto de desenvolver un réxime de colaboración entre ambas administracións locais para levar a cabo a renovación da iluminación pública no centro urbano (zona Norte).

Neste senso os convenios de colaboración constitúen o instrumento idóneo para canalizar esta colaboración. O Concello de Pontevedra presentou a documentación necesaria para formalizar este convenio e quedan acreditadas no expediente as razóns de oportunidade, a valoración económica das actuacións a desenvolver e o propio obxecto do convenio.

Por todo o exposto, e á vista dos antecedentes e fundamentos de dereitos aplicables, INFORMO FAVORABLEMENTE a tramitación do “CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL E O CONCELLO DE PONTEVEDRA PARA LEVAR A CABO A RENOVACIÓN DA ILUMINACIÓN PÚBLICA NO CENTRO URBANO (ZONA NORTE) ”.

RÉXIME COMPETENCIAL:

De conformidade co disposto no artigo 10.4 da LXS, que sinala que a competencia para conceder subvencións nas corporacións locais correspóndelle ós órganos que teñan atribuídas tales funcións na lexislación de réxime local, en virtude do establecido nos artigos 34 e 35 da LRBRL e na base 16ª.2 de Execución do Orzamento provincial, compételle á Xunta de Goberno a autorización e disposición do gasto, e aprobación do convenio.

Este informe non ten carácter vinculante, de feito que o órgano concedente co seu superior criterio decidirá.

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aprobar o “CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL E O CONCELLO DE PONTEVEDRA PARA LEVAR A CABO A RENOVACIÓN DA ILUMINACIÓN PÚBLICA NO CENTRO URBANO (ZONA NORTE) ”, cuxo texto literalmente transcrito di como segue:

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL E O CONCELLO DE PONTEVEDRA PARA LEVAR A CABO A RENOVACIÓN DA ILUMINACIÓN PÚBLICA NO CENTRO URBANO (ZONA NORTE)

En Pontevedra, na data da sinatura electrónica



INTERVEÑEN

Dunha parte, don Luis López Diéguez, presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, na representación legal que da mesma lle atribúe o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL).

Doutra, don Miguel Anxo Fernández Lores, alcalde-presidente do Concello de Pontevedra, na representación legal que do mesmo lle atribúe o artigo 124.4.a) do mesmo texto legal.

E actuando don Carlos Cuadrado Romy, en calidade de secretario xeral da Deputación Provincial de Pontevedra, e don José Carlos Castiñeira Piñeiro en calidade de secretario do Concello de Pontevedra, dando fe do acto que se celebra.

Ámbalas dúas partes actúan nas representacións expresadas e recoñécense reciprocamente capacidade bastante para o outorgamento e formalización deste convenio, con base nos principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións das Administracións Públicas e, de común acordo,

EXPOÑEN

I. Que a Deputación e o Concello de Pontevedra comparten como criterio que os concellos, como administración democraticamente escollida, deben ser os axentes protagonistas nos eidos administrativos aos que ten que corresponder a decisión, o deseño e o impulso da acción local e do desenvolvemento das políticas locais; ao tempo que as deputacións deben actuar como institucións que desenvolvan políticas, plan e actuacións que faciliten que concellos e cidadanía poidan acadar os mesmos dereitos e servizos.

II. Que a tales efectos, a Deputación e o concello de Pontevedra veñen coordinando as súas competencias mediante a sinatura de protocolos e convenios de colaboración para afondar na cooperación administrativa entrámbalas institucións e, particularmente, na cooperación destinada á planificación e execución de proxectos de interese xeral e infraestruturas públicas, tales coma as referidas aos servizos á cidadanía e infraestruturas deportivas, culturais ou viarias, entre outras de carácter diverso.

III. Que ambas administracións locais teñen como obxectivo común satisfacer as necesidades e aspiracións da veciñanza, entre as que cabe destacar o medio ambiente, en particular a protección contra a contaminación lumínica e atmosférica nas zonas urbanas, as infraestruturas de titularidade municipal e o aseguramento na axeitada prestación dos servizos de competencia municipal, entre os que se atopa, como de prestación obrigatoria, o de iluminación pública.

A finalidade deste acto é establecer unha cooperación destinada a conseguir un obxectivo de claro interese público e común, consistente na renovación da iluminación exterior pública no centro urbano da cidade de Pontevedra, na súa zona norte, sendo a mellora da eficiencia enerxética a principal motivación.

As devanditas obras de renovación afectan a 53 subministros actuais de iluminación pública de Pontevedra, todos eles situados total ou parcialmente na zona norte do centro urbano, no nó do Pino e nos barrios de A Parda e Valdecorvos



Compre subliñar que estas subministracións de iluminación pública a renovar atópanse situados en vías urbanas do centro urbano de Pontevedra. Nalgún caso, existe coincidencia co trazado de estradas de titularidade provincial, como o caso PO-0012, P-0011, PO-010 ou PO-542 cuxo mantemento foi cedido pola Deputación de Pontevedra ao Concello, Administración que agora pretende mellorar a visibilidade destas vías cos máis altos criterios de eficiencia enerxética.

IV. Que o artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), e en sentido semellante o artigo 80 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALGA), establecen que o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos establecidos neste artigo, exercendo en todo caso como competencias propias e esenciais, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, en materia de infraestruturas e equipamentos de titularidade municipal, así como nas de medio ambiente urbano, en particular, na de protección contra a contaminación acústica, lumínica e atmosférica nas zonas urbanas. Subliñar tamén, que o artigo 26 da dita Lei establece como un servizo que deben de prestar todos os municipios o de iluminación pública.

V. Que o artigo 36.1 da devandita norma de réxime local establece como unha competencia propia da provincia a asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, e a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALGA) prevé a necesaria cooperación das Deputacións Provinciais nas obras e servizos de competencia municipal.

VI. Que a Deputación, nos orzamentos do ano 2025, recolle unha aplicación orzamentaria, no capítulo de transferencias de capital, para convenios co Concello de Pontevedra.

VII. Que os convenios entre Administracións Públicas constitúen o instrumento axeitado para desenvolver a súa cooperación en cuestións de interese común, tal como establecen os artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público; o artigo 57 da LRBRL; os artigos 198 e seguintes da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia; así como no disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e 26.1 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

VIII. Que a lexislación vixente en materia de réxime local encomenda ás deputacións a que dirixan a súa actividade a asegurar a prestación integral e adecuada dos servizos de competencia municipal, a tal efecto, e co fin de posibilitar a consecución real e efectiva dos mesmos, é polo que instrumenta este convenio dirixido ao cumprimento das obrigas impostas pola normativa vixente.

IX. Que a achega económica da Deputación de Pontevedra ten o carácter dunha subvención, en virtude do disposto no artigo 2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), séndolle de aplicación o réxime xurídico das subvencións. Neste senso, á vista do artigo 22.2 acredítanse na memoria do expediente razóns de interese público, social e económico suficientes que xustifican a súa concesión, tanto de natureza competencial como pola necesidade de apoiar e complementar a capacidade económica do concello e polo interese veciñal das actuacións. Así mesmo, no artigo 28.1 da LXS establécese que a resolución de concesión e, no seu caso, os convenios a través dos cales se canalicen estas subvencións establecerán as condicións e compromisos aplicables de conformidade co disposto nesta lei.



X. Que, de acordo coas precedentes consideracións e en desenvolvemento dos principios de colaboración e cooperación, a Deputación de Pontevedra e o Concello de Pontevedra establecen como un dos seus obxectivos estratéxicos a actuación coordinada de apoio en materia de equipamentos e infraestruturas de titularidade municipal e acordan aprobar o presente convenio de colaboración, que asinan os aquí comparecentes, con arranxo ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO DO CONVENIO

O obxecto do presente convenio é o de establecer as bases para a colaboración económica entre a Deputación Provincial e o Concello de Pontevedra para levar a cabo a renovación das instalacións de iluminación exterior pública no centro urbano, na súa zona norte, sendo a mellora da eficiencia enerxética a principal motivación.

SEGUNDA. FINANCIAMENTO

As actuacións obxecto do presente convenio ascenden a cantidade total de DOUS MILLÓNS TRESCENTOS VINTE MIL NOVECENTOS NOVENTA E UN EUROS CON DEZANOVE CÉNTIMOS (2.320.991,19€), IVE engadido, que se corresponde co orzamento total de execución da obra obxecto da colaboración pactada, que será financiada pola Deputación de Pontevedra coa cantidade de UN MILLÓN SEISCENTOS UN MIL NOVECENTOS CORENTA E OITO EUROS CON TRECE CÉNTIMOS (1.601.948,13 €) con cargo ao exercicio 2025 e contra a aplicación 2025/942.9420.762.14, e polo Concello de Pontevedra coa cantidade de SETECENTOS DEZANOVE MIL CORENTA E TRES EUROS CON SEIS CÉNTIMOS (719.043,06 €) con cargo ao exercicio 2026.

O investimento previsto comprende todos os gastos que se derivan da execución das obras a realizar, excluídos os da redacción dos proxectos, que foron realizados polo Concello de Pontevedra, e autorizados, no seu caso, pola Deputación de Pontevedra mediante a súa aprobación polo órgano provincial competente. O financiamento necesario para a realización da actuación comprendida neste convenio realizarase da seguinte forma:

	2025	2026
Deputación de Pontevedra (69,02%)	1.601.948,13 €	- €
Concello de Pontevedra (30,98%)	- €	719.043,06 €
Total proxecto	2.320.991,19€	

A achega provincial consiste nunha contía máxima que ascende ao importe sinalado anteriormente, polo que os posibles incrementos que puidesen producirse no orzamento de execución da actuación que deriven do procedemento de contratación administrativa ou da execución do contrato, así como das súas posibles modificacións, asumiranse exclusivamente polo Concello de Pontevedra.



No caso de que o investimento realizado teña un custo inferior ao inicialmente previsto e sempre que isto non supoña unha execución deficiente da totalidade da actuación contemplada no proxecto, a contía da subvención reducirase proporcionalmente, manténdose constante a porcentaxe de axuda respecto ao custo total do investimento.

TERCEIRA. EXECUCIÓN DO CONVENIO

1. A execución das actuacións e contratos ás que se refire o presente convenio, e o seu financiamento polas partes asinantes, terá lugar durante os anos de vixencia do convenio de acordo coas obrigas de financiamento indicadas na cláusula segunda.

Non obstante, o eventual reaxuste da anualidade da execución do contrato poderá dar lugar ao reaxuste das anualidades do presente convenio, a cuxo efecto o Concello de Pontevedra, previa proposta da Comisión de Seguimento do convenio, dará audiencia á Deputación no expediente que se inicie para o reaxuste da anualidade do devandito contrato e da resolución que se dite.

2. O proxecto técnico aprobado polo Concello de Pontevedra e que se achega ao expediente tramitado para a aprobación do presente convenio, determina o ámbito de actuación do convenio.

3. A Deputación poderá inspeccionar as actuacións obxecto do presente convenio cando o teña por conveniente, así como formular as observacións que estime pertinentes, sen prexuízo de que corresponda en exclusiva ao órgano de contratación e ao responsable do contrato a emisión das ordes e instrucións que procedan.

4. As actuacións realizadas no marco do convenio estarán sometidas á comprobación explícita da execución da actuación por parte dos servizos técnicos da Deputación. A dita comprobación material é un requisito imprescindible do que debe quedar constancia no expediente xustificativo.

5. Cando rematen as obras, o Concello de Pontevedra comunicará á Deputación Provincial, cunha antelación mínima de corenta e oito horas, a data e hora en que terá lugar o acto de recepción destas, ao que asistirá, de consideralo procedente, un representante da Corporación provincial. A Administración municipal remitirá á provincial copia da acta do dito acto de recepción e a certificación dos acordos municipais que aproben a recepción das obras executadas e a certificación final destas.

CUARTA. COMPROMISOS DO CONCELLO DE PONTEVEDRA

O Concello de Pontevedra obrígase a:

- Redactar e aprobar a documentación técnica pertinente e o correspondente proxecto de obra, asumindo o seu custo, e debendo remitila aprobada á Deputación, así como calquera modificación que se leve a cabo, para a súa posterior supervisión polos técnicos provinciais.
- Remitir, unha vez formalizado, copia do contrato de adxudicación da obra, á Deputación, e comunicar a data e hora en que terá lugar a comprobación do replanteo, á que asistirá, de consideralo procedente, un representante da Deputación.
- Aprobar o texto do convenio pola Xunta de Goberno Local, de conformidade co artigo 127.1.g) da Lei 7/1985, e remitir unha copia do acordo á Deputación.
- Obter as correspondentes licenzas e tramitar ante outros organismos as autorizacións pertinentes que fosen precisas.



- Licitar, dirixir, executar, controlar e recibir a obra consonte ao correspondente proxecto técnico.
- Contratar, de selo caso, as asistencias técnicas á dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde.
- Xustificar ante a Deputación o investimento realizado mediante a expedición das correspondentes certificacións de obra aprobadas polo órgano competente do Concello; aboándose para cada certificación que se presente a parte proporcional en relación ao custo total do investimento.
- Comunicar á Deputación, cunha antelación mínima de corenta e oito horas, a data e hora en que terá lugar o acto de recepción da obra, ao que asistirá, de consideralo procedente, un representante da institución provincial.
- Dar a adecuada publicidade a este convenio conforme a cláusula oitava do mesmo, de tal xeito que quede constancia que a obra obxecto do presente convenio se levou a cabo en colaboración coa Deputación de Pontevedra.
- Levar a cabo o mantemento e conservación das infraestruturas obxecto deste convenio, tendo a asunción da dita responsabilidade desde o día seguinte ao da formalización da acta de recepción da obra coas obrigas establecidas na normativa patrimonial das administracións públicas.
- Destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o que foron concedidos.
- Comunicar á Deputación de forma inmediata, a obtención doutras subvencións ou axudas para a mencionada finalidade procedentes de calquera administración pública ou ente privado nacional ou internacional, con expresión da súa contía.
- Prestar a colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas que lle corresponden á Intervención Provincial, ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas.

Asemade, o Concello de Pontevedra comprométese ao cumprimento das obrigas contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e en especial as recollidas no artigo 11 da mesma.

Tamén seralle de aplicación o recollido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e no seu Regulamento, aprobado polo Real decreto 887/2006, de 21 de xullo.

QUINTA. COMPROMISOS DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA

A Deputación obrígase a:

- Financiar os custos derivados do convenio, ata a cantidade disposta na cláusula segunda, que será librada contra a presentación das correspondentes facturas ou documentos análogos acreditativos do gasto efectuado, así como da restante documentación xustificativa necesaria e logo da súa fiscalización pola Intervención provincial.
- Prestar a colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas que lle corresponden ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas, en cumprimento do disposto no artigo 53 da Lei 40/2015 e da Resolución Presidencial número 2017008767 de 8 de maio de 2017, tratándose así mesmo dun convenio cuxas achegas económicas exceden de 600.000,00 €.



SEXTA. XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

Segundo o artigo 34.3 da Lei 38/2003 o pago da achega económica regulada neste convenio realizarase mediante transferencia bancaria unha vez que o concello de Pontevedra xustifique axeitadamente a realización do proxecto para o que se concedeu a axuda, nos termos establecidos neste convenio e na normativa reguladora das subvencións públicas.

O tipo de xustificación será o de conta xustificativa con achega de xustificantes de gasto, debendo de presentar a seguinte documentación:

- Facturas rexistradas no punto xeral de entrada de facturas electrónicas da Administración Xeral do Estado (FACE) ou plataforma similar.
- O acordo municipal de aprobación da certificación de obra e da factura correspondente.
- Certificacións de obra executada.

Xunto coa primeira certificación achegarase a seguinte documentación:

- Unha copia da acta de comprobación de replanteo.
- Unha proba gráfica da difusión dada ao investimento que se financia coa axuda da Deputación.
- O nomeamento do/a Director/a de obra e coordinador/a de seguridade e saúde
- O contrato de adxudicación da obra.
- Declaración do conxunto de axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para o financiamento do obxecto deste convenio, das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades.
- O acordo ou resolución de aprobación do proxecto do investimento.

Xunto coa última certificación ordinaria achegaranse:

- Informe final do/a Director/a de obra.
Se o informe fin de obra recolle variacións que dean lugar a excesos de medición (liquidacións), este informe acompañarase da certificación final, da correspondente factura e da súa aprobación.
- De producirse a tramitación dun modificado, a certificación expedida pola persoa funcionaria competente de que a súa tramitación foi consonte a Lei de contratos.
- Acta de recepción.
- Proba gráfica da difusión dada ao investimento que se financia coa axuda da Deputación.
- Declaración do conxunto de axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para o financiamento do obxecto deste convenio, das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades.
- Declaración responsable de non estar o beneficiario incurso en ningunha das causas previstas no artigo 10.2 da LSG, para ser beneficiario desta axuda.
- Calquera outra documentación esixible pola normativa vixente para a correcta xustificación deste convenio ou que se considere necesaria para a comprobación da correcta execución do obxecto do convenio.

A xustificación deberá de presentarse ante a Deputación de Pontevedra no prazo máximo de catro meses dende o fin da actuación subvencionada. O prazo máximo para presentar a xustificación do investimento será o 31 de outubro de 2027.



O concello poderá realizar xustificacións parciais, que responderán ao ritmo de execución do investimento, que se aboarán pola contía equivalente á xustificación presentada. A documentación xustificativa verificarase polos servizos técnicos provinciais e fiscalizarase pola Intervención provincial antes de ser aprobadas e pagadas.

SÉTIMA. COMPATIBILIDADE CON OUTRAS SUBVENCÍONS

Conforme ao disposto no artigo 65.3, letra c) do Regulamento da LXS, aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, a achega económica prevista no presente instrumento será compatible con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais. Porén, o importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actuación subvencionada.

OITAVA. PUBLICIDADE

En toda a documentación e información relativas ao obxecto deste convenio incluírase a imaxe corporativa que a este fin faciliten, en todos os formatos, a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Pontevedra, e nelas figurará de maneira destacada o financiamento da actuación por ambas administracións.

En todo caso, as accións a desenvolver ao abeiro do convenio, deberán garantir un alto impacto e visibilidade da colaboración entre o Concello de Pontevedra e a Deputación Provincial de Pontevedra. O Concello deberá acreditar a publicidade, e indicar as accións de comunicación realizadas. Para isto, o Concello debe:

- Dende o inicio das obras ata a súa total terminación, deberá colocarse un cartel de obra cos logos do mesmo tamaño do Concello de Pontevedra e o da Deputación Provincial de Pontevedra.
- Facerse cargo económica e fisicamente dos carteis da obra que se realicen e da súa retirada tras a finalización do prazo de garantía ou, en todo caso, tras a comprobación material realizada pola Deputación. Por tratarse dunha obra de infraestruturas ou dotacións, o cartel colocarse ao carón do acceso principal; no caso de obras na infraestrutura viaria ou no seu subsolo, situarse ao comezo da vía ou no seu entroncamento coa vía principal. En todo caso, sen prexuízo do anterior, deberán colocarse nun lugar suficientemente visible.
- Darlle a adecuada publicidade ao financiamento por parte da Deputación de Pontevedra para as actuacións ou os gastos subvencionados.
- Facer constar en todas as accións de comunicación ou publicidade (carteis, folletos, programas, placas, cartas ou páxina web, entre outras) o apoio da Deputación. Isto farase mediante a inclusión da imaxe corporativa actualizada nun lugar visible.
- As notas de prensa que se fagan desde o Concello deberán indicar o financiamento da Deputación para as actuacións ou os gastos subvencionados.
- Comunicarlle á Deputación as distintas visitas ás instalacións e, cunha antelación mínima de corenta e oito horas, o lugar, a data e hora do acto de recepción da obra e, de ser o caso, da inauguración do investimento.



A falta de previsións concretas, rexeirán con carácter supletorio as regras das bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan + Provincia) 2025, especificamente as previstas para a Liña 1 de investimentos, por ser o Plan de natureza equivalente a este convenio.

Correspóndelle ao Servizo de Comunicación Institucional da Deputación dar as instrucións que se deben seguir no relativo á identidade corporativa provincial ([https:// www.depo.gal/es/identidade-corporativa](https://www.depo.gal/es/identidade-corporativa)). O incumprimento destas obrigas será causa de reintegro das subvencións concedidas con cargo a estas bases.

Por outra parte, en cumprimento do establecido na resolución de 15 de xuño de 2020, da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e Axudas Públicas e, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade das subvencións.

A tales efectos e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento de cara a contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa páxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido nos artigos 20.4 e 20.8.b da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

NOVENA.- CONFIDENCIALIDADE E PROTECCIÓN DE DATOS

As partes comprométese ao intercambio de datos e información técnica para o cumprimento efectivo de todos os termos deste convenio coas garantías de confidencialidade que en cada caso se requiran e permanecerá exclusivamente no ámbito da relación das partes e do persoal técnico que colabore nas actividades, obrigándose a mantelo en réxime de confidencialidade por prazo indefinido e con independencia da duración do convenio.

Toda a información e documentación intercambiada no marco do convenio será propiedade das respectivas partes.

As actuacións obxecto deste convenio que impliquen o tratamento de datos de carácter persoal deberán respectar na súa integridade a normativa reguladora de protección de datos de carácter persoal.

DÉCIMA. COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Para o seguimento e coordinación da execución deste convenio e resolución das dúbidas que poidan producirse na súa interpretación crearase unha comisión integrada por dous representantes de cada unha das administracións asinantes, un dos cales terá carácter técnico.

As súas funcións, entre outras, serán as seguintes:

- A puntual recepción de información sobre todas as actuacións que se produzan na execución do convenio a que este convenio se refire.
- Impulsar e avaliar o cumprimento deste convenio propondo as actuacións que se consideren precisas.
- Propoñer a interpretación, no caso de dúbida, do seu contido.
- Se xorden controversias na aplicación do convenio propoñerlles ás partes a súa resolución.
- A resolución das dúbidas que presente a interpretación do convenio e, no seu caso, a emisión de informe se a dúbida ten que ser resolta polos órganos de goberno das administracións asinantes.



A comisión reunirse cando o estime conveniente o seu responsable, por decisión propia ou a petición de calquera dos seus membros.

As súas reunións terán lugar no Pazo Provincial da Deputación ou na Casa do Concello de Pontevedra. Na reunión constituínte da Comisión de Seguimento designarase ao seu responsable e ao/á seu/súa secretario/a que levantará acta das súas reunións.

DÉCIMO PRIMEIRA. VIXENCIA

O investimento obxecto deste Convenio deberá estar executado e finalizado na data límite do 30 de xuño de 2027, fixándose un prazo de xustificación ata o 31 de outubro de 2027.

No caso de que, por motivos xustificadas, ou como consecuencia do axuste das anualidades de execución do contrato, as obras obxecto do presente convenio non estivesen rematadas nesa data poderase estender súa vixencia, previa emisión do informe da Comisión de Seguimento no que deberá especificar o prazo de prórroga.

No caso de que o Concello non xustifique o gasto realizado en prazo ou execute o investimento subvencionado mais aló do prazo de execución establecido, iniciárase o procedemento de perda do dereito ai cobro, non podendo utilizarse o crédito sobrante para conceder outra subvención ao Concello.

DÉCIMO SEGUNDA. EXTINCIÓN E CAUSAS DE RESOLUCIÓN

De acordo co previsto no artigo 51 da Lei 40/2015, o convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

Serán causas de resolución:

- O transcurso do prazo máximo de vixencia do convenio.
- O acordo unánime dos asinantes.
- O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes. Neste caso, notificarase á parte incumpridora un requirimento para que, no prazo que se sinale, cumpra coas obrigas ou compromisos que se consideran incumpridos. Este requirimento será comunicado tamén ao responsable da Comisión de Seguimento. Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistira o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará á outra parte a concorrencia de causa de resolución e entenderase resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá dar lugar a indemnización dos danos e perdas causados.
- Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

DÉCIMO TERCEIRA. RÉXIME XURÍDICO E XURISDICIÓN COMPETENTE

O presente convenio ten natureza administrativa e rexerase pola Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e o Real decreto 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real decreto 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; polas Bases de execución dos orzamentos das Administracións asinantes; a Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial e polas restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, a falta de entendemento previo pola Comisión de Seguimento as partes quedan sometidas á xurisdición contencioso-administrativa na resolución de posibles controversias que puideran suscitar o incumprimento ou a interpretación do convenio.



E en proba de canto antecede, as partes que interveñen asinan o presente convenio na data da sinatura electrónica.

O alcalde-presidente do Concello de Pontevedra, Miguel Anxo Fernández Lores
O secretario do Concello de Pontevedra, José Carlos Castiñeira Piñeiro
O presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, Luis López Diéguez
O secretario da Deputación Provincial de Pontevedra, Carlos Cuadrado Romay ”

- A sinatura do convenio queda condicionada á aprobación do texto do convenio polo órgano competente do Concello de Pontevedra.
- Facultar ao presidente para formalizar o citado convenio mediante a súa sinatura.
- Dar traslado do presente acordo ao Concello de Pontevedra, á Intervención, ao Servizo de Cooperación, ao Gabinete da Presidencia e ao Gabinete de Prensa.

17.35644- COMUNICACIÓNS

Non houbo.

18.35645- FÓRA DA ORDE DO DÍA

Non houbo.

19.35646.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

E non habendo máis asuntos que tratar polo Sr. Presidente, sendo as dez horas e cincuenta minutos do expresado día, dáse por rematada a sesión e dela esténdese a presente acta, que asina o Ilmo. Sr. Presidente, comigo, o Secretario que dou fe.

